


VENCOBA SC. VILLANUEVA DE LAS MANZANAS (LEÓN)

Ventura Barreales nun dos corredores de alimentación da nave

Un proxecto familiar sen teito de crecemento

Viaxamos ata León para coñecer a gandería Vencoba, na que moxen máis de 300 vacas nunha sala rotativa de 40 puntos. A isto súmanse unha importante actividade agrícola e a prestación de servizos a terceiros. O seu obxectivo está claro: medrar ata onde poidan.

Localización: Villacelama
(Villanueva de las Manzanas, León)
N.º total de animais: 710
Vacas en muxidura: 315
Empregados: 8
Media de produción actual:
33 litros vaca/día
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,38 %
RCS: 210.000 cél./ml
Bacterioloxía: 12.000 ufc/ml
ICO: 2.427
Cualificación morfolóxica: 77,43
(51 animais non cualificados)
Superficie agrícola: 300 ha
IPP: 415 días
Media de partos do rabaño: 2,8
Prezo do leite: 326 €/t + calidades + IVA

Na diversificación empresarial de Vencoba SC a actividade principal é a produción de leite, que inclúe os cultivos agrícolas destinados á explotación e que supón o 70 % dos ingresos; os servizos a terceiros representan o 20 % e a venda de cereal, o 10 % restante.


Á cabeza, xestionándoo todo, está Ventura Barreales Redondo, quen, xunto aos seus pais, Ventura e Conchi, formaron esta sociedade civil hai tres anos e medio, despois de 15 anos de trámites burocráticos. Foi nese momento cando se trasladaron ás instalacións novas, nas que aloxan a case totalidade dos 700 animais que integran o seu rabaño na actualidade.

O pai de Ventura xa está xubilado, pero gústalle estar pendente do negocio e axudar na medida do posible; a súa nai, aínda que xa ten os anos, aínda non se retirou e colabora de forma activa na granxa.

Teñen oito empregados durante todo o ano, catro para atender os animais e outros catro para traballos agrícolas e maquinaria. Dos que se dedican á gandería, tres ocúpanse do muxido, a alimentación e o manexo dos cubículos, e o cuarto encárgase dos partos e de coidar a recría.

UN CAMBIO DE PLANS INESPERADO

O establo antigo estaba dentro da localidade e foi construído hai uns corenta anos por Ventura e Conchi, cunha capacidade para 60 animais en muxidura. Naquela época, anterior á chegada do regadío, nesta zona de León era habitual que todas as casas tivesen unhas poucas vacas de leite.



Vista parcial do interior da nave

► TEÑEN OITO EMPREGADOS DURANTE TODO O ANO, CATRO PARA ATENDER OS ANIMAIS E OUTROS CATRO PARA TRABALLOS AGRÍCOLAS E MAQUINARIA

Paulatinamente o negocio foi prosperando, pero un día decidiron que era o momento de desfacerse dos animais, así que empezaron a inseminar con razas cárnicas e cando xa apenas quedaban uns trinta exemplares na explotación, Ventura deulle un xiro inesperado aos acontecementos: “Vin que aquilo funcionaba e entón dixen que non, que había que botalo arriba, e comezamos a traballar doutra maneira, a comprar animais e fomos medrando. A idea, despois duns anos, era facer unhas instalacións novas pero, como o papelorio se atrasaba, chegamos a muxir alí 120 vacas en praza fixa con cinco puntos de muxido. Aquí levamos tres anos e medio e a verdade é que estamos moi contentos, trabállase moi a gusto, hai poucos problemas e a verdade é que vai ben a cousa”. De aí o obxectivo de seguir medrando.

Co cambio á nave nova o crecemento foi meteórico. Foron ampliando o rabaño con recría propia, inseminando con seme sexado e sen desfacerse de efectivos en demasía, xa que “había que producir para amortizar as instalacións”, manifesta Ventura. “Agora si que estamos vendendo algúns animais, porque xa hai moitísima recría e hai que sanear a granxa”, engade.

INSTALACIÓNS, MUXIDO E BENESTAR

Teñen 9.000 m² edificadas, dos que 6.500 están destinados ao aloxamento dos animais e outros 2.500 a gardar forraxes e maquinaria.

A nave principal, de estabulación libre, caracterízase polo seu carácter aberto e diáfano. Nos laterais combínase a chapa perforada, que corta a auga e o vento, con portas a varias alturas que se poden levantar da metade para arriba, para abaixo, ou ambas, en función da climatoloxía. O teito é de panel sándwich e teñen unha cumieira elevada que, ademais de ventilar, actúa de claraboia.

Estas características evitan o uso de ventiladores incluso os días máis calorosos. “No verán hai arredor de 10 graos menos dentro que fóra da nave; como moito, nos días de máxima calor chegamos aos 28 graos dentro, entón a verdade é que os animais están moi a gusto”, asegura o propietario. Onde si teñen que botar man de ventiladores artificiais en determinadas épocas do ano é na sala de espera; de feito, o ano pasado tiveron varias perdas embrionarias que achaca a esta circunstancia.

O muxido fano nunha sala rotativa de 40 puntos que dispón de identificación de cada animal mediante podómetros e que proporciona datos de calidade de leite, celos etc. A día de hoxe están a facer dous muxidos –ás 7 da mañá e ás 7 da tarde–, pero están valorando a posibilidade de ir a tres se conseguen incrementar un pouco a produción. O cumprimento estrito do protocolo de muxido considéranlo fundamental: limpeza de tetos, despunte, selado e desinfección do equipo entre vaca e vaca. ►

EASY-COVERING COBERTIZOS



La solución fácil y económica para su cubierta



NAVES GANADERAS Y ALMACENES



Grandes ventajas con respecto a las construcciones tradicionales



Polígono Industrial de Somonte
C/M^a Glez “La Pondala” N^o 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tlfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com



www.easy-covering.com



Sala rotativa de 40 puntos, que empregan un total de catro horas ao día

► GUSTARÍALLES IMPLANTAR O SECADO SELECTIVO, PERO ANTES TEÑEN QUE MELLORAR ALGÚNS ÍNDICES DE SAÚDE DE UBRE

VENDA DO LEITE E RELACIÓN COA INDUSTRIA

O leite vénndollo a Lactiber León e practicamente sempre o entregaron nesa planta, que pertenceu a varias empresas desde que se creou en 1970.

O informe do FEGA serve de referencia para fixar os prezos de venda no contrato que asinan anualmente coa industria. O prezo actual é de 326 euros/tonelada máis calidades e IVE.

Aínda que os prezos "poderían ser mellores", Ventura afirma que a relación con Lactiber é boa. Hai algo máis dun ano Vencoba foi unha das explotacións pioneiras en incorporarse ao proxecto de eficiencia produtiva e sustentabilidade Efiber, posto en marcha pola láctea leonesa e cuxo obxectivo é comparar unha serie de variables produtivas entre as granxas participantes para que cada gandeiro saiba cales son os seus puntos fortes e débiles e que accións debe acometer. "Eu creo que é unha iniciativa boa para saber que cousas se están facendo mal e que se pode mellorar. Empezamos hai algo máis dun ano e ata agora aí seguimos", sostén.



Xato acabado de nacer na sala de partos

A media de produción é de 33 litros por vaca e día, cun 3,80 % de graxa, un 3,38 % de proteína e un recuento celular que ascende a 210.000.

As femias en lactación e as xovenas preñadas dormen en cubículos de palla sobre unha base de arxila. Arránxanos dúas veces ao día e énchenos cada cinco días en época de choivas ou cada sete cando o tempo está seco.

Gustaríalles implantar o secado selectivo, pero antes teñen que mellorar algúns índices de saúde de ubre. "Entramos hai pouco nun grupo de calidade de leite e melloramos, pero de momento o secado selectivo non o valoramos. Si que nos gustaría facelo, non xa polo gasto económico, senón por reducir o consumo de an-

tibióticos, pero estamos á espera de coñecer con máis exactitude a incidencia de mamites e de que tipo son, e despois avaliarase", afirma.

O confort do rabaño cobra moita importancia nesta granxa. Neste sentido contan co certificado Aenor de benestar animal, que os obriga a cumprir os requisitos do estándar europeo Welfare Quality.

Mostra das boas condicións das que gozan os animais é que sempre beben a auga á mesma temperatura, "temperada, nin fría nin quente, e igual no verán que no inverno", di Ventura. Conségueno utilizando a auga procedente das placas para arrefriar o leite. "A calor vaise á auga, de maneira que as vacas beben máis, sobre todo nesta época de inverno", engade. ►►



As xatas permanecen no lote da amamantadora tres meses e medio



► VENTURA: "NON ESTAMOS VENDENDO NINGÚN ANIMAL PARA VIDA PORQUE A IDEA É MEDRAR"

Dúas semanas antes do parto trasládanse ao lote de parto-parto e despois ao de posparto, no que as manteñen outros 15 días para controlarles a temperatura e outras variables que indican se a recuperación está sendo favorable. En ambos os compartimentos están en cama quente de palla.

MANEXO DA RECRÍA LACTANTE

Conta Ventura que desde que teñen unha persoa dedicada en exclusiva ao coidado da recría todo marcha moito mellor. "Encalostrámoslas ben, logo vacinámoslas e, entre os 10 e os 15 días de vida, pasámoslas para a amamantadora automática. Hai tempo dabámoslles pouca cantidade de leite pensando que así empezaban antes a comer concentrado, pero agora dámoslles máis e funciona mellor así", explica.

Póñenlles a vacina intranasal para BVD e IBR e a inxectable contra *pasteurella*. Para *E. coli* e rotavirus vacinan as nais durante o período de secado.

O proceso de desteta faíno a propia amamantadora. Ao longo dos 70 días que se estende a fase lactante, as xatas inxiren 6 ou 7 litros de leite en función do día e os últimos 10 a máquina vaílles reducindo progresivamente a cantidade ata que se destetan completamente. Porén, déixanas neste lote ata os 3 meses e medio, cando xa perderon o hábito de acudir á mamadeira e foron descornadas. Durante todo este tempo teñen acceso a penso de iniciación e a forraxe seca ad libitum. ►►

En canto á hixiene das instalacións, a sala de espera límpase por un sistema de *flushing* que utiliza a auga coa que previamente se manguearon a sala de muxido e os tanques.

Para a limpeza dos patios empregan dúas arrobadeiras arrastradas hidráulicas, que empuxan o esterco cara a unha fosa de formigón de 4.500.000 m³.

DISTRIBUCIÓN DOS ANIMAIS

As vacas de produción divídense en dous lotes de 150 exemplares. Nun deles están as primíparas e algunha de segundo parto e no outro, as adultas.


As secas e a recría ata os 15 meses téñenas en cama quente de palla. Unha vez que abandonan o lote da amamantadora, as xatas pasan a outro compartimento ata os 6 meses e logo a outro ata os 12. No entanto, a partir dos tres meses e medio unha parte é trasladada ao establo vello, no que permanecen ata os 12. Por outra banda, desde os 6 meses teñen acceso a unha finca exterior, á que saen a facer exercicio para prever problemas podais.

De volta ás instalacións novas agrúpanse noutro lote, xa sen saída ao exterior, ata que lles diagnostican a preñez. Logo pasan ao de xovencas preñadas, no que quedan ata dous meses antes do parto, cando se xuntan coas secas.

Dispoñen dun arrimador automático para achegarlles a comida aos animais



Cuba de 3.000 l coa que tamén lles prestan servizos a terceiros



ALIMENTACIÓN

Para as vacas de leite elaboran unha única ración *unifeed* composta por 20 kg de silo de millo, 14 de silo de veza, 1 de alfalfa, 6,5 de gran húmido e 7 dun núcleo proteico. Repártenllela unha vez ao día e achéganllela mediante un arrimador automático con moita frecuencia. Producen eles todos os ingredientes, excepto o núcleo proteico; o prezo desta ración ascende a 4,60 €/día.

Para as secas elaboran outra ración que leva palla e raigrás seco a partes iguais e 2 kg de penso. Fana unha vez ao día e, ás veces, cada 2.

As xovencas a partir dos 6 meses tamén comen ración *unifeed*, composta por palla, silo de veza e penso. Fan dúas distintas, unha para as xatas de 6 a 12 meses e outra que inxiren desde os 12 meses ata dous antes do parto. A única variación entre ambas é a cantidade de penso que lles subministran, maior nas xovencas máis adultas.

► DISPOÑEN DE 300 HECTÁREAS DE REGADÍO POR INUNDACIÓN NAS QUE CULTIVAN MILLO (160 HA), VEZA (80 HA), ALFALFA (20 HA) E TRIGO (70-80 HA)

AUTOSUFICIENCIA AGRÍCOLA

Contan con 300 hectáreas de regadío por inundación nas que cultivan millo (160 ha), veza (80 ha), alfalfa (20 ha) e trigo (70-80 ha). En 40 delas fan dobre cultivo, primeiro veza e despois millo, todo para ensilar. A súa idea é aumentar a superficie de dobre cultivo e facer un aproveitamento máis eficiente do terreo. “Máis ou menos á explotación destínase o 70 % do que cultivamos. En canto ao cereal, a palla utilízamola nós e o gran vendémollelo a almacenistas para penso”, afirma Ventura.

Para forraxe asegura que é unha zona idónea e para o millo sostén que mellor usar ciclos non moi longos para evitar problemas coas xeadas temperás. A produción aproximada é de 60.000 kg/ha en millo forraxe e 12.000 kg/ha en millo gran.

A superficie de Vencoba está comprendida nun raio de 8 km, pero o empresario leonés non está totalmente satisfeito: “O que pasa é que son moitas fincas. Esta concentración fíxose hai 25 anos ou así e xa se reconcentrou; as fincas máis grandes poden alcanzar as 10 ha, pero aínda as hai pequenas”.

MAQUINARIA E SERVIZOS A TERCEIROS

Dispoñen de todos os equipos necesarios para a granxa, para labrar o terreo e para prestar servizos a terceiros. “Facemos traballos de labradura e sementeira, de colleita, tanto de gran coma de forraxe con colleitadora e picadora, e tamén desmontes e nivelación de fincas”, detalla. Trátase de equipos de gran capacidade que lles permiten facer as tarefas no menor tempo posible.

Tamén contan cunha cuba de xurro de 30.000 litros equipada cun sistema de descarga por canón e outro por barra de tubos colgantes que usan tanto para a propia explotación como para fóra.

REPRODUCCIÓN E XENÉTICA

“Non estamos vendendo ningún animal para vida porque a idea é medrar. Agora mesmo nestas instalacións hai un lote futurible de 150 vacas ata chegar a muxir sobre 500 e, unha vez que cheguemos a iso, miraremos a ver que pasa, pero tampouco nos puxemos un límite, un ata aquí e paramos. Podendo co traballo e permitíndonolo a sala, que agora mesmo estámola usando catro horas ao día, por que non?”, expresa. ►►




O FUTURO A OLLOS DE VENTURA

"Baixo o meu punto de vista, en Castela e León debería haber máis explotacións porque é unha boa zona para producir. Con todo, creo que o pronóstico para o futuro é bo, xa que agora mesmo entre ecolóxico, pastoreo e xente que está producindo para elaborar o seu produto, vai haber un abano grande e cada un vaise situar onde queira e iso vai ser bo".

"En España somos deficitarios en leite e, na miña opinión, deberíamos suplir todo ese déficit. Que mellor que un país produza o seu propio alimento! O que agora hai aquí son explotacións grandes, e seguramente cada vez o serán máis, pero debería haber un futuro tanto para grandes como para pequenos, pois cada sistema ten os seus puntos bos e malos; non por ser grande o tes todo asegurado, xa que tamén tes máis gastos e é moito máis difícil colocar a túa produción".

"No noso caso, eu son optimista. A verdade é que vas mellorando en todo, cada vez vas tendo menos custos e, ao final, se invistes en instalacións, non podes velo como un gasto, tes que velo como unha mellora da que ao final vas sacar máis beneficio".

► NA SELECCIÓN XENÉTICA PRIMAN A PRODUCCIÓN, OS CARACTERES DE SAÚDE E ULTIMAMENTE TAMÉN OS PARTOS



Lote de xovencas para inseminar



Chourizos de gran húmido de millo

Nas xovencas, a primeira inseminación practícanllela sobre os 14 meses. A media de inseminacións por preñez do total do rabaño é de 2,5 e o intervalo entre partos, de 415 días, con 180 DEL.

A detección de celos levána a cabo mediante podómetros, sistema co que se mostra satisfeito, porque "te avisa do momento exacto de inseminación" e as posibilidades de erro redúcense.

Recentemente alongaron o tempo da primeira inseminación tras o parto. O motivo explicao Ventura: "Eu pensaba que se se inseminaban antes de que chegasen ao pico de lactación quedarían mellor preñadas, e si que preñaban, pero despois deime de conta de que ao finalizar a lactación facíámolo con menos días e penalizábanos a produción. Agora estamos esperando

uns 90 días e a verdade é que tampouco vemos que a fertilidade se vexa prexudicada".

Na selección xenética priman a produción, os caracteres de saúde e ultimamente tamén os partos. O seu obxectivo é conseguir vacas funcionais, que non dean problemas e que sexan duradeiras, pois o contrario implica "moito tempo, dedicación e persoal".

A maior parte dos touros que utilizan son xenómicos, aínda que tamén traballan con algún probado, e para as xovencas e algunha primípara cómprano sexado. "Non nos gusta meter moitos touros, pero ao final si que colles máis dos que queres, e máis agora que este tema varía tanto", di. O servizo de acoplamentos préstallelo a Asociación Frisona Leonesa (Afrile), da que son socios. ■